

**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*Resolución do 15 de febreiro de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, relativa á conclusión da fase de oposición e á apertura do prazo da fase de concurso.*

A base sexta B) da resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro) pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, dispón que, rematada na súa totalidade a fase de oposición, o tribunal publicará un acordo no *Diario Oficial de Galicia*, no que se declarará rematada a fase de oposición e se abrirá un prazo de 15 días hábiles, contado a partir do seguinte ao da súa publicación, para que estes aspirantes cheguen a documentación acreditativa dos méritos que aleguen.

Adoptado acordo de finalización da fase de oposición polos respectivos tribunais, procede agora darlle publicidade no *Diario Oficial de Galicia*, facultándose para iso expresamente a este centro directivo, polo que

**RESOLVO:**

Primeiro.-Declarar rematada a fase de oposición das categorías de albanel, calefactor/a, carpinteiro/a, celador/a, costureiro/a, electricista, enfermeiro/a especialista en obstetricia-xinecoloxía (matrón/a), enfermeiro/a especialista en saúde mental, enxeñeiro/a técnico/a, fisioterapeuta, fontaneiro/a, grupo administrativo da función administrativa, lavandeiro/a, logopeda, mecánico/a, pasador/a de ferro, perruqueiro/a, persoal de enfermaría (ATS/DUE), pinche, técnico/a de xestión de sistemas e t.i., técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría, técnico/a especialista de sistemas e t.i., técnico/a especialista en anatomía patolóxica e citoloxía, técnico/a especialista en hixiene bucodental, técnico/a especialista en imaxe para o diagnóstico clínico, técnico/a especialista en laboratorio de diagnóstico clínico, técnico/a especialista en radioterapia, técnico/a superior de sistemas e t.i., telefonista, terapeuta ocupacional e traballador/a social, de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, convocado por resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro).

Segundo.-Publicar a relación dos aspirantes que superaron a fase de oposición das citadas categorías, nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na súa páxina web sergas.es.

Terceiro.-Abrir o prazo de quince días hábiles desde o día seguinte á publicación desta resolución, para que estes aspirantes presenten a documentación acreditativa dos méritos que aleguen nos seguintes lugares:

a) Na Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade.

b) Na Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

c) Nas xefaturas territoriais de Sanidade dos departamentos territoriais da Xunta de Galicia.

d) Nas direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde.

e) Nos servizos de persoal dos centros ou complexos hospitalarios do Servizo Galego de Saúde.

f) Nos servizos de persoal das xerencias de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde.

g) A través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarto.-Todos os aspirantes que superaran a fase de oposición deberán achegar obrigatoriamente fotocopia compulsada do seu DNI e fotocopia compulsada do título exixido para o ingreso na correspondente categoría.

Ademais, os que accedan polas quendas de promoción interna e de discapacitados deberán achegar, ademais da documentación anterior, orixinal ou certificación compulsada acreditativa, segundo os requisitos descritos nos puntos 2 e 3 da base segunda da convocatoria.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2010.

Esperanza Fernández Lago  
Directora de Recursos Humanos  
do Servizo Galego de Saúde

*Resolución do 22 de febreiro de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se fai público o lugar e a data de realización do segundo exercicio da fase de oposición das categorías do grupo técnico da función administrativa, do grupo de xestión da función administrativa, de cociñeiro, do grupo auxiliar da función administrativa e de persoal de servizos xerais.*

O número 4 da base sexta A) da resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, do 18 de febreiro de 2009 pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, prevé que os exercicios da fase de oposición se realizarán no lugar e á hora anunciada no *Diario Oficial de Galicia*, cun mínimo de cinco días hábiles de antelación.

Adoptado acordo polos respectivos tribunais sobre o lugar, a data e a hora de realización do segundo

exercicio da fase de oposición, procede agora darlle publicidade no DOG, polo que este centro directivo

**RESOLVE:**

Primeiro.-Convocar os aspirantes que superaron o primeiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo das categorías do grupo técnico da función administrativa e do grupo de xestión da función administrativa para a realización do segundo exercicio consonte a seguinte distribución:

Grupo técnico da función administrativa, día 9 de marzo de 2010, ás 10.00 horas.

Grupo de xestión da función administrativa, día 9 de marzo de 2010, ás 12.00 horas.

Segundo.-O exercicio será realizado na Escola Galega de Administración Sanitaria, avenida Fernando de Casas Novoa, nº 37, edificio CNL, portal A-B, 1º andar, San Lázaro, Santiago de Compostela.

Terceiro.-Convocar os aspirantes que superaron o primeiro exercicio da fase de oposición da categoría de cociñeiro para a realización do segundo exercicio da fase de oposición. A devandita proba práctica terá lugar nas datas e coa distribución seguintes:

Día 2 de marzo de 2010, ás 10.30 horas: Blanca Mª Álvarez González, Montserrat Campos Fariñas e Miguel Cebreiro Rey.

Día 3 de marzo de 2010, ás 10.30 horas: David Flores Fernández, Marta Loureiro Blanco e José Manuel Martínez Estévez.

Día 4 de marzo de 2010, ás 10.30 horas: José Manuel Pajón Gómez, María Pardo Cornide e Eva Pena Barrientos.

Día 5 de marzo de 2010, ás 10.30 horas: Laura Pena Juncal, Luisa Penido Espiño e María Julia Rochela Ramos.

Día 9 de marzo de 2010, ás 10.30 horas: Víctor Manuel Rodríguez Oreiro, Yolanda Romero Lameiro e Francisco Salvado Ferro.

Día 10 de marzo de 2010, ás 10.30 horas: Francisca Segade Vinagre e Juan Manuel Soto López.

Día 11 de marzo de 2010, ás 10.30 horas: José Carlos Torralba Regos e Milagros Vieites García.

Cuarto.-Os exercicios realizaranse no recinto do Hospital Teresa Herrera, do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

Quinto.-Os aspirantes poderán empregar a súa propia vestimenta e ferramentas de cociña, se así o desexan.

Sexto.-Convocar os aspirantes que superaron o primeiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo das categorías do grupo auxiliar da función administrativa e de persoal de servizos xerais para a realización do segundo exercicio consonte a seguinte distribución:

Grupo auxiliar da función administrativa, día 13 de marzo de 2010, ás 17.00 horas.

Persoal de servizos xerais, día 13 de marzo de 2010, ás 18.30 horas.

De conformidade coa base sétima da convocatoria os aspirantes que pertencen á categoría do grupo auxiliar da función administrativa e aspiren a acceder á categoría de persoal de servizos xerais así como aqueles que pertencen á categoría de persoal de servizos xerais que aspiren a acceder á categoría do grupo auxiliar da función administrativa, estarán exentos da realización deste exercicio.

Sétimo.-O exercicio realizarase no Auditorio do recinto da Feira Internacional de Galicia en Silleda (Pontevedra).

Oitavo.-Por acordo do tribunal cualificador comunícase, para os efectos de información complementaria:

1. Características do exercicio:

O segundo exercicio consistirá na realización dunha serie de instrucións informáticas co obxecto de responder un cuestionario con varias preguntas, cada unha delas con catro respostas posibles das que só unha será a correcta.

Para a contestación das preguntas o opositor deberá responder ás instrucións que se poñerán á súa disposición en soporte informático, que levarán consigo o manexo de ficheiros e mecanización dos datos que se requiran para o correcto desenvolvemento da proba. Tanto as instrucións como o cuestionario serán presentados nun arquivo informático con formato Word.

O opositor deberá escribir a resposta que considere correcta na folla de respostas que lle será entregada no momento da realización da citada proba.

Os aspirantes disporán dun tempo limitado para a súa execución. A duración do exercicio indícaráselles no momento da súa realización.

2. Ferramentas:

O opositor terá que desenvolver o exercicio de carácter práctico en soporte informático. As preguntas propostas polo tribunal resolveranse coas seguintes ferramentas:

Procesador de textos: Microsoft Word 2007.

Folla de cálculo: Microsoft Excel 2007.

Para a resolución do cuestionario poderá exixirse a utilización do procesador de textos, folla de cálculo ou o conxunto de ambos.

3. Publicidade:

Os cuestionarios serán publicados con posterioridade á realización dos exercicios na data que se indicará o día da realización das probas.

A cada aspirante seralle entregada unha copia da súa folla de respostas.

Noveno.-Os aspirantes terán que ir provistos necesariamente do documento nacional de identidade ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e de bolígrafo azul ou negro.

Non se permitirá no recinto onde se realice o exercicio o acceso e posesión de teléfonos móbiles, axendas electrónicas e calquera outro soporte con memoria.

O chamamento é único, polo que se excluírá deste proceso quen non compareza por calquera causa.

Décimo.-Esta resolución poderá ser impugnada polos interesados nos termos previstos no número 2 da base décima da citada convocatoria.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2010.

Esperanza Fernández Lago  
Directora de Recursos Humanos

## V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SECCIÓN SEGUNDA)

*Edicto (4005/2010).*

Por medio deste faise saber que, en providencia ditada no día da data por esta Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, se acordou admitir a trámite o recurso interposto pola procuradora Mónica Vázquez Couceiro, en nome e representación de Sindicato Labrego Galego - Comisións Labregas (SLG - CC.LL.) contra o Decreto 411/2009, do 12 de novembro, da Consellería do Medio Rural, que declara a zona especial protección para as aves da Limia (DOG do 24 de novembro).

Recurso número: procedemento ordinario 4005/2010.

A publicación deste anuncio serviralles de emprazamento ás persoas que, non sendo citadas persoalmente, teñan un dereito ou interese lexítimo no citado recurso, as cales poderán comparecer en legal forma no prazo de nove días. Se o fixeren con posterioridade, teráselles por parte para os trámites non precluídos.

A Coruña, dezaoito de xaneiro de dous mil dez.

Inmaculada Pérez Arrojo  
Secretaria

### AUDIENCIA PROVINCIAL DA CORUÑA (SECCIÓN TERCEIRA)

*Edicto (448/2009-R).*

Manuel Ferreiro González, secretario xudicial da Sección Terceira da Audiencia Provincial da Coruña,

Dou fe de que no recurso de apelación 448/2009 se ditou sentenza cuxos encabezamentos e parte dispositiva din:

«Sentenza.

Audiencia Provincial.

Sección terceira.

Juan Ángel Rodríguez Cardama, presidente.

María José Pérez Pena.

Rafael Jesús Fernández-Porto García.

A Coruña, dezaoito de xaneiro de dous mil dez

Vistos pola sección terceira desta audiencia provincial, constituída polos señores que na marxe se expresan, estes autos de xuízo de divorcio número 377/2008 que ante ela penden en grao de apelación, procedentes do Xulgado de Violencia sobre a Muller número 1 da Coruña, en que é parte apelante Tatiane da Silva, representada pola procuradora Nuria Ramón Campos, baixo a dirección da avogada Gloria Otero González; e en situación procesual de rebeldía Claudemar Teles da Rosa; coa preceptiva intervención do Ministerio Fiscal; versan os autos sobre impugnación do pronunciamento sobre pensión de alimentos da filla menor.» (...) «Polo exposto, decidimos que estimando en parte o recurso interposto contra a sentenza ditada o 3-4-2009 polo Xulgado de Violencia sobre a Muller da Coruña, que resolve o xuízo de divorcio contencioso número 377/08, debemos revogar e revogamos parcialmente a citada resolución, no sentido de fixar a suma de 200 € mensuais en concepto de pensión alimenticia, e mantemos os restantes pronunciamentos; todo iso sen facer expresa condena en custas.

Así, por esta a nosa sentenza, pronunciámolo, mandámolo e asinámolo».

E para que lle sirva de notificación a Claudemar Teles da Rosa, apelado en rebeldía civil cuxo domicilio se ignora, de conformidade co artigo 497.2º da Lei de axuízamento civil, expido este na Coruña, un de febreiro de dous mil dez.

Manuel Ferreiro González  
Secretario xudicial